



ANEXO.

DOC 21: PLAN RRI - INSTITUTO DE
AGROECOLOXÍA E
ALIMENTACIÓN (IAA)

ÍNDICE

PLAN RRI -INSTITUTO DE AGROECOLOXÍA E ALIMENTACIÓN (IAA)	3
1.1. Introducción	3
1.2. Stakeholders na RRI	5
1.3. RRI na UVigo	6
1.4. Plan RRI	9
1.5. Avaliación e seguimento do Plan RRI	15
1.6. Recursos	15

PLAN RRI -INSTITUTO DE AGROECOLOXÍA E ALIMENTACIÓN (IAA)

1.1. Introducción

Nun contexto de profundas transformacións sociais, tecnolóxicas e científicas, a investigación e a innovación deben adaptarse ás novas tendencias e ás necesidades da sociedade actual co fin de cumprir cos estándares éticos e responsables, incentivando un proceso de investigación conxunto que respecte os principios fundamentais.

Así, a Comisión Europea define a Investigación e Innovación Responsable (RRI polas súas siglas en inglés) coma un enfoque estratéxico para garantir que os procesos de investigación e innovación sexan desenvolvidos de **maneira ética, inclusiva e aliñada cos valores, necesidades e expectativas da sociedade** e contribúan ao **ben común**¹.

Desta forma, a RRI anticipa e avalía as posibles implicacións e as expectativas da sociedade con respecto á investigación e a innovación, co obxectivo de fomentar o deseño dunha investigación e innovación inclusivas e sustentables que inclúa aos múltiples actores sociais implicados para responder aos desafíos globais e locais.

Neste contexto, a RRI estrutúrase en torno a **seis dimensións fundamentais**:

1. **Ética (Ethics)**: co fin de asegurar que a investigación respecte os principios éticos e os dereitos humanos, fomentando as boas prácticas en todo o proceso investigador.
2. **Gobernanza (Governance)**: a través do fomento de mecanismos participativos, transparentes e responsables na toma de decisións sobre ciencia e innovación que teña en conta tanto os ámbitos RRI como HRS4R.
3. **Igualdade de xénero (Gender Equality)**: a través da promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres na carreira científica e nos grupos de investigación e a integración da análise de xénero nos contidos de investigación.
4. **Acceso aberto (Open Access)**: de forma que se facilite o libre acceso aos resultados da investigación (publicacións, datos, software, etc.) para democratizar o coñecemento.
5. **Educación científica (Science education)**: con fin de mellorar o coñecemento e a comprensión pública da ciencia, especialmente no ámbito escolar e xuvenil.
6. **Participación cidadá (Public Engagement)**: para implicar activamente á sociedade civil, usuarios, comunidades locais e outros actores non académicos nos procesos de investigación e innovación, fomentando que os múltiples actores se involucren en todo o proceso.

¹ <https://www.rri-tools.eu/>

Así, tal e como se establece no documento de RRI da Universidade de Vigo², a RRI axuda abordar os 7 sete grandes retos sociais establecidos pola Comisión Europea (CE) través dunha investigación e innovación máis éticas e aliñadas coas valores, as necesidades y as expectativas da sociedade e dos distintos actores implicados no proceso:

- **Saúde, cambio demográfico e benestar**
- **Alimentación, agricultura e silvicultura e auga**
- **Enerxía segura, limpa e eficiente**
- **Transporte intelixente, ecolóxico e integrado**
- **Acción climática, medio ambiente e recursos**
- **Europa nun mundo cambiante: sociedades inclusivas, innovadoras e reflexivas**
- **Sociedades seguras: liberdade e seguridade de Europa e dos seus cidadáns**



A RRI aplícase a través de novos modelos de gobernanza en centros de investigación e universidade, de métodos participativos de investigación, de cambios culturais e institucionais na forma de facer ciencia e na posta en marcha de políticas públicas que incentivan una ciencia máis inclusiva e aberta. Así, a RRI, por todas as súas implicacións, supón avanzar cara a unha ciencia máis aberta, reflexiva, inclusiva e corresponsable, que non só busca resultados científicos, senón tamén impactos sociais duradeiros e coherentes cos valores da comunidade académica, científica e a sociedade en xeral.

² https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/docs/investigar/actividade-investigadora/recursos/rri_es.pdf

1.2. Stakeholders na RRI

A RRI require, por definición, a implicación activa e coordinada de múltiples actores sociais en todas as fases do proceso científico e tecnolóxico. No contexto do Instituto de Agroecoloxía e Alimentación (IAA), a identificación, análise e participación dos distintos **stakeholders**, coma **agricultores e as súas asociacións, cooperativas agroalimentarias, asesores, agroindustria (pequena e grande) así coma outros centros cos que o Instituto colabora**, constitúe un pilar estratéxico para asegurar que a súa labor investigadora responda de forma ética, inclusiva e pertinente aos desafíos contemporáneos vinculados á sustentabilidade agroalimentaria.

Dende esta perspectiva, os stakeholders non só son destinatarios dos resultados científicos, senón que tamén son **axentes clave na definición de prioridades, a co-creación do coñecemento e a avaliación do impacto social e ambiental** da súa actividade.

Por este motivo, resulta de gran importancia identificar e definir neste apartado os distintos **grupos de interese implicados** no proceso investigador co fin de telos en conta para maximizar o impacto positivo da ciencia:

- ❑ **Comunidade investigadora:** Universidades, centros de investigación, grupos científicos e/ou investigadores/as individuais encargados de deseñar proxectos responsables dende o punto de vista ético, incorporar a participación cidadán e análise de xénero ás investigacións e garantir o acceso aberto aos resultados.
- ❑ **Comunidade educativa:** persoal docente e responsables das institucións educativas, familias e todas as persoas interesadas na educación, responsables de fomentar a educación científica temperá, integrar valores de responsabilidade, sustentabilidade e equidade e fomentar as vocacións STEM, especialmente entre mulleres e colectivos subrepresentados.
- ❑ **Cidadanía e sociedade civil:** sociedade en xeral (familias e calquera persoa interesada na ciencia, asociacións, ONGs, colectivos sociais, plataformas cidadás e comunidades locais que participan na definición de problemas de investigación e na co-creación de solucións, aportando coñecementos, experiencia e necesidades reais.
- ❑ **Administracións públicas e decisores políticos:** gobernos, entidades locais, autonómicas, nacionais e europeos, organismos que financian a investigación, desenvolvemento tecnolóxico e programas de I+D+i, entre outros. Son os responsables de crear políticas, marcos normativos e incentivos para promover prácticas RRI, así como de financiar proxectos aliñados cos valores sociais.
- ❑ **Sector empresarial e industrial:** empresas tecnolóxicas, agroindustria, biotecnoloxía, pemes, cooperativas, start-ups, etc. Estes serán os encargados de incorporar principios de sustentabilidade, ética e transparencia nos seus procesos de innovación, de establecer modelos de innovación aberta e colaborativa e de avaliar o impacto social e ambiental nos seus procesos de

desenvolvemento tecnolóxico e innovador.

- Medios de comunicación e divulgadores científicos:** periodistas científicos, medios dixitais, divulgadores. Encargados de facilitar a comprensión pública da ciencia e difundir avances de forma rigorosa, promovendo a transparencia e o debate social sobre a ciencia e tecnoloxía.

▣ Mapa de Stakeholders en RRI do IAA

Como xa se observou no apartado anterior, a RRI non é tarefa exclusiva de investigadores e axentes do mundo científico, senón e que un proceso multiactoral que require a implicación activa e coordinada de todos os grupos implicados.

Así, atendendo aos diferentes grupos descritos no apartado anterior, preséntase a continuación un mapa de stakeholders de RRI para o Instituto:



1.3. RRI na UVigo

O Plan RRI do IAA parte sobre as bases do documento “RRI. Investigación e Innovación Responsable: Guía de axuda para os investigadores”³, no cal se detallan os distintos pasos a seguir polo persoal investigador para incluír a RRI no proceso científico ao completo e onde se detallan as **accións desenvolvidas ata momento** nas distintas dimensións citadas:

▣ Ética

- **Creación dunha Estrutura para a xestión da ética na Investigación:** existe unha Comisión de Ética que se subdivide en tres comités: Comité de Experimentación animal, comité de Riscos biolóxicos e o Comité de ética en investigación con seres

humanos e medio ambiente.

- **Elaboración dunha Guía de boas prácticas en investigación e recomendacións éticas:** co fin de proporcionar ao persoal investigador unha serie de pautas e de principios que garantan a honestidade, rigor, responsabilidade e transparencia na súa actividade investigadora. É de obrigado cumprimento para o seu persoal científico, técnico, de administración e servizos, asesor e directivo, incluído o persoal investigador que se atopa en formación.

<https://www.uvigo.gal/es/investigar/idi-uvigo/estrategia-investigadora/eticainvestigacion>

▣ Igualdade de Xénero

- **Creación dunha Unidade de Igualdade:** instrumento político responsable da incorporación transversal do principio de igualdade efectiva entre mulleres e homes, promovendo medidas que garantan a igualdade de condicións e o cumprimento da lexislación de aplicación.
- **Elaboración de Plans de Igualdade da Universidade:** que inclúe un conxunto de medidas coas que se busca alcanzar unha igualdade real de oportunidades entre as mulleres e os homes que forman a súa comunidade.
- **Creación dun distintivo de Igualdade:** con el fin de visibilizar e de recoñecer pública e institucionalmente o traballo de centros, escolas e facultades no ámbito do fomento da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.
- **Elaboración dun regulamento de acción positiva na UVIGO** co obxectivo de reforzar a igualdade real de oportunidades na súa actividade investigadora e organizativa.
- **Participación no proxecto INNOVATIA 8.3.** en colaboración entre o Instituto das Mulleres e a Universidade de Santiago de Compostela que ten como obxectivo principal introducir a perspectiva de xénero nos procesos de coñecemento e creación de empresas.³

▣ Gobernanza

- **Plan Estratéxico 2021-2026:** inclúe accións concretas para asegurar que os procesos de investigación e innovación respondan á sociedade e sexan responsables na práctica:
 - Crear unidades mixtas empresa- universidade (UMI)
 - Fomentar as cátedras empresa-universidade
 - Diseñar mecanismos para potenciar o mecenado participativo
 - Desenvolver mecanismos de transparencia e de bo goberno.
 - Establecer mecanismos de xestión para asegurar prácticas sustentables e socialmente responsables con provedores da Universidade de Vigo.
 - Implantar a estratexia europea de recursos humanos en investigación

³ https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/docs/investigar/actividade-investigadora/recursos/rri_es.pdf

(HRS4R).

- Ampliar a colaboración con institucións públicas e privadas da Universidade de Vigo ao abeiro da rede EURAXESS.
- Diseñar mecanismos para a integración no sistema de ciencia aberta e incorporarse a iniciativas nacionais e internacionais de fomento da mesma.
- Promover o depósito da produción científica da Universidade de Vigo no repositorio institucional de acceso aberto Investigo.
- Actualizar e promocionar o sistema dual de publicacións editadas polo Servizo de Publicacións da UVigo, así como o portal OJS das revistas editadas polo mesmo.
- Desenvolver unha política de xestión de responsabilidade social corporativa.
- Elaborar un plan integral ao abeiro da atención á diversidade que garanta a igualdade de oportunidades dentro da comunidade universitaria.

■ Acceso Aberto

- Incluída no obxectivo 19 do seu Plan estratéxico 2021-2026.
- **Creación do repositorio institucional INVESTIGO**, que recolle, difunde e preserva a produción científica do seu persoal investigador.
- **Posta en marcha de acordos transformativos coas principais editoriais científicas** (ACS, Elsevier, Springer y Wiley) para ter con cada editor e baixo un mesmo contrato, a subscripción de revistas e a opción de publicar en acceso aberto (open access) os traballos de investigación sen custe adicional.

■ Participación cidadán

- Creación da **Unidade de Cultura Científica** en 2018 para transferir o coñecemento científico xerado ao tecido empresarial e mellorar a cultura científica da cidadanía, como eixo vertebrador e coordinador das actividades de comunicación social científica da Universidade.

■ Educación Científica

- **Coordinación do STEMbach**: Bacharelato de Excelencia en Ciencias e Tecnoloxía creado ao abeiro da Estratexia Galega de Educación Dixital EDUDixital 2020 da Xunta de Galicia co obxectivo de favorecer a adquisición das competencias clave para o século XXI, tanto as transversais, como as máis propiamente vinculadas ao ámbito STEM (ciencia, tecnoloxía, enxeñaría e matemática).

1.4. Plan RRI

A continuación, detállase o plan de RRI do IAA, o cal se nutre tanto das accións incluídas no Plan de RRI da UVigo e o seu Plan Estratéxico 2021-2026 como das iniciativas detalladas no propio Plan Estratéxico do IAA e outros documentos relevantes como o seu Plan de Igualdade ou de Open Access, entre outros.

As accións serán presentadas por cada unha das políticas ou eixos da RRI indicados no apartado 1 do presente documento:

1. **Ética (Ethics)**
2. **Gobernanza (Governance)**
3. **Igualdade de xénero (Gender Equality)**
4. **Acceso aberto (Open Access)**
5. **Educación científica (Science education)**
6. **Participación cidadá (Public Engagement)**

A continuación, preséntase o plan de RRI do IAA para o período 2026 - 2030. Aclarar, que este plan non é un documento pechado, senón que se trata dun marco dinámico que será actualizado periodicamente para responder aos desafíos cambiantes da ciencia e da sociedade actual.

▣ Obxectivos

O IAA, dende os seus inicios, mantén un compromiso firme coa ciencia responsable, aberta e transparente e coa equidade e desenvolvemento social e territorial. Así, o Plan de RRI pretende integrar os valores éticos, transparencia, inclusión e sustentabilidade en todas as etapas do proceso científico e tecnolóxico.

Así, establecéronse os seguintes **obxectivos específicos** para cada unha das liñas estratéxicas ou axendas políticas en materia de RRI:

ÁREA	OBXECTIVOS
1. Ética	• Garantir que todos os proxectos cumpran cos principios éticos, de integridade científica e respecto aos dereitos humanos e ambientais. • Fomentar prácticas éticas de investigación que garantan o cumprimento de estándares de calidade rexionais, nacionais e internacionais, así como dos regulamentos éticos vixentes (HRS4R, Carta europeo do Investigador, etc.)
2. Gobernanza	• Fomentar a gobernanza responsable a través do establecemento de mecanismos de transparencia,

	rendición de contas e toma de decisións participativa no ámbito da investigación e da innovación. • Dispoñer dunha estrutura organizativa que promova a aplicación da RRI en todas as prácticas e actuacións do IAA.
3. Igualdade de xénero	• Incorporar a perspectiva de xénero en todas as fases da investigación e nas políticas do IAA, así como promover a equidade na composición dos equipos e o acceso a oportunidades de desenvolvemento da actividades profesional. • Poñer en valor o traballo das investigadoras do IAA entre todos os grupos de interese do mesmo (sociedade, comunidade educativa, etc.).
4. Acceso aberto	• Asegurar o acceso aberto ao coñecementos e resultados do proceso investigador a través de promoción da publicación en acceso aberto e o uso de datos abertos. • Promover o acceso aberto aos resultados do proceso investigador a todos os stakeholders implicados sempre que sexa posible. • Diseñar mecanismos para a integración no sistema de ciencia aberta.
5. Educación científica	• Favorecer a educación científica a través do desenvolvemento de accións de divulgación, formación e comunicación para achegar o coñecemento científico á sociedade. • Favorecer a capacitación e formación do persoal investigador do IAA para mellorar a relación coa sociedade e poñer en valor o impacto da ciencia. • Promover as vocacións científicas (STEAM) entre as persoas novas.
6. Participación cidadá	• Involucrar activamente aos distintos grupos de interese (stakeholders) na definición e desenvolvemento das actividades científicas e investigadoras do IAA. • Implantar actuacións e mecanismos que favorezan a participación de todos os grupos de interese no desenvolvemento da actividade investigadora do IAA. • Promover o debate social sobre os resultados e aplicacións do proceso investigador e os seus impactos na sociedade.

□ Accións e indicadores

→ Ética

ACCÍONS	INDICADORES
Dar difusión a documentos da Universidade de Vigo: Guía de Boas Prácticas na Investigación na UVIGO⁴, Código de Conducta Europeo para a Integridade da Investigación⁵ e os Criterios de Introducción á Innovación Responsable⁶	- Nº de accións de difusión realizadas sobre estes documentos ao ano (envíos, publicacións web, comunicacións internas...) - Nº de canles utilizadas para a difusión (web do IAA, correo electrónico, redes sociais, sesións presenciais...)
Facilitar á Comisión de Ética da UVIGO as propostas de proxectos a presentar para contar co seu visto bo antes de ser presentados.	Nº de propostas de proxectos remitidas á Comisión de Ética da UVIGO.
Organización de xornadas formativas para o persoal investigador do IAA en materia de boas prácticas e a aplicación da ética en todo o proceso científico.	- Nº de xornadas formativas organizadas/ano - Nº de asistentes ás xornadas formativas

→ Gobernanza

ACCÍONS	INDICADORES
Establecer un modelo de goberno e de Xestión baseado na transparencia, comportamento ético e á responsabilidade social	1 regulamento interno de goberno e xestión que teña en conta os criterios RRI
Establecer mecanismos de xestión para asegurar prácticas sustentables e socialmente responsables entre o persoal investigador do IAA.	% de proxectos do IAA que inclúen un apartado de xestión responsable e sostible no seu deseño % de persoal que declara aplicar criterios de sostibilidade no seu traballo diario (mediante enquisa anual)

⁴ <https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2018-04/Guia%20boas%20practicas%20investigaci%F3n.pdf>

⁵ <https://allea.org/code-of-conduct/>

⁶ https://vb.nweurope.eu/media/1118/guide_online.pdf

Integrar os principios en RRI en todas as actividades e iniciativas levadas a cabo polo IAA así como en todos os regulamentos internos do Instituto.	1 regulamento interno de goberno e xestión que teña en conta os criterios RRI - Existencia dun Plan RRI actualizado
Asesorar ao persoal investigador do IAA en materia de RRI nos proxectos.	- Nº de investigadores/as ou proxectos asesorados - Nº de consultas recibidas

→ Igualdade de Xénero⁷

ACCÍONS	INDICADORES
Elaborar e poñer en marcha un Plan de Igualdade do IAA	- Existencia dun plan de Igualdade actualizado % de accións do Plan implementadas/ano
Promover e facer seguimento da aplicación dos criterios de acción positiva establecidos pola UVIGO na contratación e dirección de proxectos de investigación do IAA.	% do persoal do IAA que coñece os criterios de acción positiva vixentes na UVIGO (mediante enquisa)
Desenvolver de forma permanente formación en igualdade e especialmente sobre a perspectiva de xénero no proceso investigador	- Nº de xornadas formativas realizadas en materia de igualdade/ano - Nº de asistentes ás formacións organizadas
Asegurar a participación das mulleres nos grupos de investigación.	- Nº total de mulleres investigadoras no IAA % de mulleres nos grupos de investigación do IAA
Promover o equilibrio de xénero na toma de decisión e nos postos de responsabilidade dentro dos grupos de investigación.	% de mulleres nos órganos de goberno e postos de responsabilidade do IAA
Considerar a perspectiva de xénero no deseño dos eventos, materiais de comunicación e difusión do IAA, coa implantación dunha linguaxe inclusiva e sen estereotipos.	% de materiais de comunicación e difusión do IAA (carteis, folletos, presentacións, web, RRSS) revisados con criterios de linguaxe inclusiva sobre o total producido ao ano

⁷ <https://www.uvigo.gal/es/campus/igualdad/investigacion-perspectiva-genero>

• Dar visibilidade e recoñecemento a científicas e tecnólogas, e en concreto ás investigadoras do IAA, a través de actuacións específicas	• Nº de actuacións de visibilización organizadas/ano • Nº de mulleres investigadoras implicadas
• Difusión das medidas e políticas de conciliación da UVIGO	• % do persoal do IAA que coñece as medidas de conciliación existentes na UVIGO (mediante enquisa)

→ Acceso Aberto

ACCÍONS	INDICADORES
• Participación nas actividades formativas en materia de Open Access que organiza a Biblioteca da Universidade por parte do persoal investigador do IAA	• Nº de actividades formativas de Open Access nas que participa o IAA/ano. • Nº de asistentes do IAA ás actividades formativas organizadas/ano
• Apoiar a divulgación da política de Open Access do IAA	• Nº de accións divulgativas en materia de OA realizadas polo IAA/ano • Nº de publicacións en web e RRSS sobre políticas de Open Access o IAA realizadas /ano
• Impulso da difusión dos resultados da investigación a través das ferramentas de Open Access	• Nº de publicacións do IAA realizadas en acceso aberto e incluídas no repositorio institucional INVESTIGA/ano
• Impulsar a inclusión de medidas de Open Access nos proxectos realizados polo IAA	• Nº de proxectos con aplicación de medidas de Open Access
• Ofrecer asesoramento para a publicación en aberto ao persoal investigador do IAA	• Nº de asesoramentos realizados/ano • Nº de consultas recibidas Nº de investigadores/as implicados

→ Educación Científica

ÁCCÍONS	INDICADORES
Organización e/ou participación en iniciativas de fomento da educación científica e das vocacións na área STEAM (Exemplo: programa STEMBach)	- Nº de iniciativas organizadas/ano - Nº de asistentes - Nº de investigadores/as participantes - Nº entidades colaboradoras
Deseño e organización de accións de difusión científica dirixidos ás sociedade en xeral	- Nº de accións de difusión organizadas/ano - Nº de asistentes - Nº de investigadores/as participantes - Nº entidades colaboradoras
Organización de visitas de estudantes ás instalacións do IAA para o fomento das vocacións STEAM	- Nº de visitas organizadas/ano - Nº de estudantes participantes - Nº de centros educativos participantes
Fomentar a introdución de aspectos relacionados coa educación científica nas convocatorias de financiación do IAA	- Existencia de pautas para a introdución de aspectos de educación científica - Nº de proxectos nos que se inclúen aspectos de educación científica

→ Participación cidadá

ÁCCÍONS	INDICADORES
Organización de eventos ou iniciativas de colaboración e participación dos stakeholders na actividade científica do IAA para impulsar a transferencia de coñecementos (charlas, talleres participativos, etc.)	- Nº de eventos organizados/ano - Nº de stakeholders implicados
Impulso de proxectos con co-creación de coñecemento	Nº de proxectos impulsados con estas características/ano
Participación activa en iniciativas sociais no ámbito da investigación	Nº de iniciativas sociais nas que se participa/ano

1.5. Avaliación e seguimento do Plan RRI

Como se indicou en apartados anteriores, o Plan RRI do IAA é un documento dinámico e vivo que debe ser revisado e actualizado de forma continua co fin de adecuar o seu alcance, obxectivos e acción ás necesidades do contexto investigador do Instituto e os requirimentos da propia entidade.

Así e co obxectivo de asegurar un seguimento continuo das políticas RRI do IAA, definirase un equipo de Xestión formado por un Comité de Seguimento, composto polos seguintes membros:

- Adela María Sánchez Moreiras,
- Beatriz Gullón Estévez,
- Andrés Rodríguez Seijo

Este órgano será responsable de analizar o grao de desenvolvemento de cada unha das accións incluídas no Plan de RRI do Instituto, realizando un seguimento do cumprimento dos indicadores fixados e planificando accións correctoras en caso de que fose necesario. Ademais, encargaranse de axustar cronogramas de execución do plan de acción en materia de RRI e de medir o grao de satisfacción do persoal investigador neste ámbito.

1.6. Recursos

<https://www.rri-tools.eu/>

https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/docs/investigar/actividade-investigadora/recursos/rri_es.pdf

<https://www.uvigo.gal/es/campus/igualdad/investigacion-perspectiva-genero>

https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/docs/investigar/actividade-investigadora/recursos/rri_es.pdf

https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/docs/investigar/actividade-investigadora/recursos/rri_es.pdf

<https://www.uvigo.gal/es/campus/igualdad>

<https://ucc.webs.uvigo.es/>

<https://www.tauli.cat/en/institut/ciencia-oberta-i-societat/rri/#participacio-ciudadana>

<https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2018-04/Guia%20boas%20practicas%20investigaci%F3n.pdf>

<https://allea.org/code-of-conduct/>

https://vb.nweurope.eu/media/1118/guide_online.pdf



Instituto de Agroecología
e Alimentación

Universidade de Vigo